

**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 EN PROCESOS  
SELECTIVOS NO CONCELLO DE VIGO: PROBA PSICOTÉCNICA POLICÍA LOCAL –  
FRONTÓN CUBERTO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS****INFORMACIÓN PARA OPOSITORES:**

- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena indicado por profesional sanitario.
- Recoméndase non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Recoméndase puntualidade. Se chega con antelación e acudiu en vehículo particular permaneza no interior do seu vehículo ata que se aproxime á hora do exame.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias. Evitará aglomerarse ao redor das portas de acceso. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente.
- Evitará aglomerarse no acceso e na saída.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso e siga as súas instrucións.
- No momento do acceso indícaráselle a cada participante que lave as mans con solución hidroalcohólica e lle será entregada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas son conformes a normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. A continuación dirixirase á cadeira cuxo número coincida co número do aspirante na lista definitiva de admitidos.
- Cada participante ocupará o mesmo lugar durante toda a proba, a menos que resulte indispensable realizar un cambio, caso no que se deberán adoptar as medidas de desinfección necesarias.
- Cada participante levará o seu propio bolígrafo e material que sexa necesario para a realización do exame de acordo coa convocatoria da proba.
- Non se permitirá o uso dos aseos salvo urxencia. En caso de utilizarse, respectaranse os aforos e manterase a distancia mínima de seguridade en todo momento.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación).
- Non abandonará a sala ata que o tribunal o indique. A sala baleirarase comezando polos postos máis próximos á saída, seguindo as instrucións do tribunal. Unha vez finalizada a proba abandonará as dependencias e inmediacións evitando aglomeracións de persoas.
- Lémbrese que unha das medidas fundamentais para evitar a propagación da COVID-19 é unha adecuada ventilación dos espazos, polo que portas e ventás permanecerán abertas durante a celebración do exame.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

**ACCESO AO FRONTÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS**



# FRONTÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS OEP

